

## A CIG-Ensino empra a Feijóo a desbloquear a negociación para a mellora das condicións retributivas e laborais do profesorado

*Na sexta reunión evidenciouse a nula vontade negociadora da Xunta e a súa incapacidade de dar resposta ás demandas do persoal docente.*

**A CIG-Ensino convocará o profesorado a amosar o seu rexeitamento ao inmovilismo da Consellaría de Educación e a defender a dignidade dun colectivo duramente castigado desde a chegada de Feijóo á presidencia da Xunta. Neste sentido o sindicato convocará concentracións nas principais cidades do país o próximo xoves 14 de xuño e anuncia que abrirá un calendario de mobilizacións a principios do vindeiro curso se a Consellaría non dá marcha atrás no veto a negociar a mellora das condicións laborais, a recuperación do roubado e unha suba retributiva digna.**

Hoxe quedou perfectamente retratada a táctica dilatoria da Consellaría de Educación que prolongou artificialmente unhas reunións da Mesa Sectorial co obxectivo de achegármonos ao final do curso escolar e dificultar a capacidade de reacción do profesorado galego a unha proposta de acordo salarial absolutamente rexeitábel. O documento entregado pola administración reproduce o que a CIG-Ensino denunciou na reunión de onte ao respecto do uso dos fondos adicionais do acordo de Madrid suscrito por Montoro e as organizacións sindicais estatais. Deste xeito, e por vez primeira, impídese que se acumulen distintos acordos dos que se poida beneficiar o profesorado galego.

A administración mantivo inalterábel a súa proposta de suba de **10 euros este ano a partir de outubro, 15 a partir de xaneiro de 2019, 25 en xaneiro de 2020 e 30 en xaneiro de 2021** pechándose en banda a facer ningún tipo



de concesión a respecto do calendario. Só anunciou que dispuña de marxe para subir minimamente a cantidade, sempre e cando houbera novas cesións por parte das organizacións sindicais.

A resposta da CIG-Ensino foi clara e contundente, como o foi desde a primeira reunión. O mandato do profesorado é rescatar as condicións de traballo e salariais que nos últimos anos nos foron arrebatadas polo goberno de Núñez Feijóo.

Amosamos suficiente flexibilidade á hora de aceptar que esa recuperación se plasmase nun primeiro momento nun calendario de negociacións

que deberían comezar xusto ao remate das Mesas sobre retribucións. Porén, o bloqueio da Consellaría foi evidente, o que pon de manifesto que as declaracións do presidente da Xunta ao respecto de dar resposta ás demandas do profesorado eran unha falacia.

A proposta de suba salarial da Consellaría fica moi lonxe de “encher as expectativas” do persoal docente.

**“Hai alguén que considere minimamente digna unha suba de 10 euros en outubro deste ano e ter que agardar tres anos e medio para chegar a cobrar os últimos 30 euros que propón a Consellaría?”**

O propio texto do acordo implicaría a asunción de novas renuncias que a CIG-Ensino non está disposta a asumir. Fomos moi críticos co acordo sindical estatal ao non implicar unha recuperación dos nosos salarios nos próximos tres anos, nin doutras cuestións como a eliminación dos descontos por enfermar, recuperar as pagas extras detraídas entre 2013-2016 e o cobro do verán para o persoal substituto. Porén, a proposta da Consellaría vai máis aló, xa que pretende hipotecar toda posibilidade de restituír os nosos dereitos e de acadar unhas retribucións dignas.

A posición inflexíbel dos representantes da administración educativa leva á CIG-Ensino a interpelar directamente o presidente da Xunta, Núñez Feijóo, ao entender que os límites impostos nesta negociación veñen do seu despacho. O seu goberno foi responsábel único do deterioro das nosas condicións de traballo e dunha perda

de poder adquisitivo brutal desde o ano 2010. Correspóndelle a el como máximo responsábel de executar os recortes desbloquear a situación actual e, se ten un mínimo de dignidade e respecto polo profesorado galego, dar cumprida resposta ás nosas demandas

## Convocatoria de mobilizacións inminentes

Ante a chantaxe da Consellaría a CIG-Ensino chama ao profesorado a mobilizarse para o que convocará o vindeiro xoves, 14 de xuño, concentracións en todas as cidades galegas e xa anuncia que, se non hai ningunha rectificación por parte da administración, o vindeiro curso arrancará con mobilizacións contundentes, incluída a convocatoria de folga.



## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal